



lg3/culturagalega.org

Consello da Cultura Galega. www.consellodacultura.org
rual 8 / Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela. Galicia
Contacto: Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / e-mail: redaccion@culturagalega.org

Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000

Arturo Casas (ed.)



ANTOLOXÍA CONSULTADA
DA POESÍA GALEGA
1976 - 2000

ARTURO CASAS
Editor

Tris Tram
P O E S Í A

O resultado final do proceso da nosa consulta, computadas as noventa e sete votacións recibidas tanto no apartado de autores coma no de obras, foi o que de seguido se ofrece. O número total de poetas que recibiron algún voto foi de cento vinte e nove, dos cales trinta e nove (algo máis dun 30%) obtiveron un único voto. Outros trinta poetas (sobre un 23%) tiveron entre dous e catro votos. O total de autores con menos de dez votos chegou a noventa e un (o 70% do total). Os vinte e seis poetas máis veces citados foron os seguintes, por orde de maior a menor número de votos recibidos (empregase como separación a coma para indicar igual número de votos; o punto e coma indica que o autor que segue tivo menos votos que o anterior): Xosé L. Méndez Ferrín; Xosé María Álvarez Cáccamo; Antón Avilés de Taramancos; Xavier R. Baixeras; Pilar Pallarés; Uxío Novoneyra, Luz Pozo Garza; Xohana Torres; Miguel Anxo Fernán-Vello, Chus Pato; Ramiro Fonte; Lois Pereiro; Álvaro Cunqueiro; Ana Roman; Alfonso Pexegueiro; Xulio L. Valcárcel; Bernardino Graña, Arcadio López-Casanova; Salvador García-Bodaño; Manuel Álvarez Torneiro, Manuel María; Manuel Forcadela, Olga Novo, Xavier Seoane; Eusebio Lorenzo Baleirón, Manuel Rivas.

O número total de obras sobre as que recaeu algunha mención xa se dixou que foi de duascenas corenta e sete, correspondentes a un total de cento once poetas. Cos mesmos criterios de ordenación e puntuación que no caso anterior, a relación das vinte e cinco máis votadas é esta: *Con pólvora e magnolias* (X. L. Méndez Ferrín); *Herba aquí elou acolá* (Álvaro Cunqueiro); *Estirpe* (X. L. Méndez Ferrín); *Livro das devoracións* (Pilar Pallarés); *Cantos caucanos* (Avilés de Taramancos); *Códice Calixtino* (Luz Pozo Garza); *Estacións ao mar* (Xohana Torres); *Mesteres* (Arcadio López-Casanova), *m-Talá* (Chus Pato), *Última fuxida a Harar* (Avilés de Taramancos); *As torres no ar* (Avilés de Taramancos), *Seraogña* (Alfonso Pexegueiro), *Tempo de Compostela* (Salvador García-Bodaño); *Baleas e baleas* (Luisa Castro), *Poesía última de amor e enfermidade* (Lois Pereiro); *Calendario perpetuo* (Xosé María Álvarez Cáccamo), *Sétima soidade* (Pilar Pallarés); *E direi-vos eu do mister das cobras* (Manuel Vilanova), *Fentos no mar* (Xavier R. Baixeras), *O fin dun canto* (X. L. Méndez Ferrín), *Tempo de ría* (Xohana Torres); *Nós nós* (Olga Novo), *Os eidos. Libro do Courel* (Uxío Novoneyra); *Poemas 1981/1991* (Lois Pereiro), *Prometo a flor de loto* (Luz Pozo Garza).

Son moitas e moi diversas as interpretacións que estes resultados e os que os complementan permitirán presentar. Entendo que este limiar non é o lugar idóneo para facelo, non só porque resultar a improcedente estenderse en exceso nun marco prologal. En calquera caso, si subliñarei sen entrar en análises algúns aspectos que se desprenden do ofrecido até aquí. Por exemplo, que once dos vinte e seis poetas da primeira nómina non aparecen na segunda. Son Fernán-Vello, Fonte, Roman, Valcárcel, Graña, Manuel María, Álvarez Torneiro, Forcadela,

Seoane, Lorenzo Baleirón e Rivas. Tamén que hai dous poetas con tres títulos representados na segunda nómina, Méndez Ferrín e Avilés de Taramancos; e outros catro —Pallarés, Pozo, Torres e Pereiro— con dous. Outro aspecto salientábel é que na relación das obras aparecen dúas que pertencen a autores non incluídos na primeira nómina, Lu sa Castro e Manuel Vilanova. Tampouco é un detalle menor que algúns poetas vexan representados na segunda nómina a totalidade ou case a totalidade da produción por eles publicada no período de referencia. É o caso de Álvaro Cunqueiro e de Lois Pereiro. Tamén, con algunhas salvidades, o de Xohana Torres, Lu sa Castro ou Avilés de Taramancos.

A fin de complementar e difundir os datos empíricos máis relevantes da investigación emprendida, introduciréi aínda unha terceira nómina que é resultado dunha lectura sumatoria da presenza dos autores na relación de títulos; é dicir, do cómputo das veces que se menciona o nome dun poeta na segunda nómina con independencia de cal sexa a obra concreta da súa autora a que se cite. Procedo a ordenala baixo os mesmos criterios que nos casos anteriores e adianto que por mor do triple empate na derradeira posición o número total de poetas sobe a vinte e sete. Eis a nova nómina: Xosé L. Méndez Ferrín; Antón Avilés de Taramancos; Álvaro Cunqueiro, Pilar Pallarés; Xosé María Álvarez Cáccamo; Chus Pato; Luz Pozo Garza; Xavier R. Baixeras; Xulio Novoneyra, Xohana Torres; Lois Pereiro, Alfonso Pexegueiro; Arcadio López-Casanova; Miguel Anxo Fernán-Vello; Fran Alonso, Salvador García-Bodaño, Xulio L. Valcárcel, Eusebio Lorenzo Baleirón; Lu sa Castro, Manuel Rivas; Manuel María, Ramiro Fonte, Manuel Vilanova; Olga Novo; Manuel Álvarez Torneiro, Ana Roman, Antón Tovar. Segundo vemos, nesta nova relación aparecen outros dous nomes novos ademais dos de Lu sa Castro e Manuel Vilanova. Son os de Fran Alonso e Antón Tovar, o primeiro deles nun lugar que chama poderosamente a atención dada a súa ausencia nas listas anteriores. De once pasan a só tres —Bernardino Graña, Manuel Forcadela e Xavier Seoane— os poetas que figurando na primeira nómina non aparecen nesta terceira.

Unha das claves metodolóxicas principais da socioloxía propugnada por Pierre Bourdieu e os seus seguidores, estimo que non só saudábel senón mesmo ineludíbel nalgunha fase de todo proceso de investigación, é a que definen como práctica reflexiva da socioanálise. No fundamental, consiste nunha delimitación do lugar que os propios investigadores ocupan tanto no campo que analizan coma no campo académico —habida conta que todo iso terá incidencia nos resultados que acaden— seguida da exploración sobre os mecanismos postos en uso para a específica constitución do seu obxecto de estudo. Bourdieu nunca extrema as diferenzas entre a ollada empírica e a ollada teórica e, no sentido que se acaba de indicar, aspira a que se poida someter tamén a obxectivación a posición do investigador social e os procedementos por este aplicados. Nesta vertente, un dos parámetros

que merecer a algunha precisión por parte do coordinador desta antoloxía consultada é sen dúbida o relativo á selección dos axentes interpelados. A radica, como é ben sabido, outro dos puntos controvertidos que con frecuencia se mencionan a propósito desta clase de intervencións, por canto na propia selección dos consultados haber a xa un factor de arbitrariedade, que aquí non negaremos en termos absolutos pero que si matizaremos. Segundo xa se indicou, o número total dos consultados duplicou en número aos que efectivamente responderon e manifestaron o seu parecer. Sen vontade de levar a termo co rigor preciso unha práctica socioanalítica —e moito menos de declarar aquí e arestora as súas conclusións— pero a fin de seguir ofrecendo datos necesarios para unha máis cabal comprensión da investigación emprendida, reiterarei que se procurou elaborar a nómina de consultados con base estrita na súa presenza, participación e responsabilidades na dinámica histórica do campo investigado, tanto se os vectores mencionados se proxectaron sobre o campo en termos globais —caso excepcional— coma se o fixeron só en determinadas zonas ou sectores do mesmo. Nesa operación é probable a existencia de erros de apreciación, que poderían afectar aos nomes considerados e tamén, acaso en maior medida, aos non considerados.

Debe advertirse, asemade, que a relación dos noventa e sete axentes que reflite o "Apéndice II" —en todo caso suficiente e plenamente satisfactoria para o coordinador— non é absolutamente representativa da nómina completa dos dous centenares de consultados, con seguridade *máis plural (aínda)* que a que o apéndice indicado deixa ver. A este respecto, permitireime observar que a nómina completa era máis cumprida, en termos relativos ou proporcionais, no que atingue á presenza de determinados colectivos, grupos ou condicións dos axentes. Non abundarei moito máis, pero si farei explícitos algúns datos que non debo reservarme. Un dos máis chamativos é que a representación dos votos de mulleres alcanzase apenas o 27% do total; por suposto, esa proporción non se compadece coa inicialmente establecida. Algo semellante ocorreu coa participación dos axentes máis novos (poetas sobre todo), digamos os nados a partir de 1970. Foi tamén o caso do grupo de estudiosos estranxeiros, o dos consultados non residentes en Galiza, o do colectivo vinculado basicamente coa literatura infantil e xuvenil... É obvio que ningunha destas clasificacións é excluyente con outras e tamén que, con seguridade, haberá motivos —non só azares— detrás desas ou outras retraccións. Parecer a doado intu los pero non resulta tan sinxelo documentalos e analizalos. Queda só mencionada a observación como un parámetro máis que os lectores e investigadores considerarán a fin de calibrar en que grao sexa significativo.

Tamén poderán telo presente futuros antólogos *consultantes*, se os houber. É mellor convencerse de que será así, sequera sexa polo rendemento deste tipo de procesos. De feito, o lóxico ser a que se puxesen en práctica cunha periodicidade

